



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Expediente: AU300A2021/177-SD

Procedemento: Subvención aos concellos destinada á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración.

Título obra: MELLORA DO SANEAMENTO EN QUINTÁNS DE LESENDE E BOUCIÑAS
Situación: QUINTÁNS DE LESENDE E BOUCIÑAS
Subvención: AUGAS DE GALICIA SANEAMENTO
Concello (s): LOUSAME
Contratista: PAVIMENTOS NOIA, OBRAS E CONTRATAS, S.L.
Orzamento: 43.628,97 €

Memoria de actuación xustificativa

Mediante a notificación de Resolución recibida no Concello o 5 de agosto de 2021 asinada pola directora de Augas de Galicia e de acordo co disposto na Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A) (DOG 24.03.2021), e tamén pola Resolución do 19 de abril de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (DOG 23.04.2021), (Corrección de erros DOG 30.04.2021); acordouse conceder ao Concello de Lousame unha subvención por **43.754,62** euros para o proxecto denominado **“MELLORA DO SANEAMENTO EN QUINTÁNS DE LESENDE E BOUCIÑAS”**.

As obras financiadas por Augas de Galicia foron realizadas de acordo ao proxecto construtivo e en cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, as cales estaban destinadas á execución de actuacións de modernización e aumento da eficiencia e eficacia das instalacións de saneamento e depuración existentes e na construción de novas infraestruturas, contribuíndo con iso á mitigación do cambio climático.

Dividiuse a obra en dúas actuacións:

- 1) Mellora da EDAR de Quintáns de Lesende
A mellora desta EDAR contemplou traballos de reparación da mesma, previo baleirado da mesma e posterior acondicionamento no contorno e camiño de acceso á EDAR.
Con esta actuación acadouse o obxectivo de recuperar o perfecto funcionamento da EDAR ademais de facilitar as labores de mantemento da mesma.
- 2) Mellora do saneamento en Bouciñas
Levouse a cabo a ampliación da rede de saneamento municipal, consistente na canalización de 150 m. de tubo de Ø315mm e a execución de 6 pozos de rexistro, previa escavación da zanja e a súa posterior reposición.
Con esta actuación acadouse o obxectivo de conectar dous treitos da rede de saneamento municipal e ampliar así a poboación provista deste servizo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Previo ao comezo das obras aprobouse o plan de seguridade presentado polo contratista, levando a cabo así as accións preventivas pertinentes dunha obra na que non se levou a cabo subcontración.

Posteriormente asinouse a acta de replanteo o 20.09.2021.

Finalmente, as obras foron recepcionadas en data 29.10.2021 conforme á documentación técnica, tal e como se recolle na certificación final.